

TAREFA 1: "CONTOS DA LÚA"



MESTRA: Vane (Titora 6º EI)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO CLUB DE LETRAS.

CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil

CURSO: 2020/2021

ÁMBITO CLUB DE LETRAS

1. IDENTIFICACIÓN

TAREFA: "CONTOS DA LÚA"

ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	VANE, ANA, LUCÍA, BELÉN

DESCRICIÓN DA TAREFA:

O **PRODUTO FINAL RELEVANTE** desta tarefa será a gravación do conto lido en cada aula para a radio do cole A Voz de Athenea, e o blog da biblioteca. Tamén xeraremos o código QR para pegar na portada do conto da biblioteca. Ademáis, a través dos diferentes contos traballados en cada unha das aulas (en cada aula é un conto diferente para non repetirse no programa de radio), coñeceremos un pouco máis á lúa, as fases...

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Esta tarefa traballará de xeito globalizado as tres áreas do currículo de Educación Infantil, partindo da lectura e comprensión do conto, reflexión sobre a historia, e gravación do audioconto para crear unha **biblioteca máis inclusiva**, onde pouco a pouco, os contos se poidan ler, pero tamén escoitar grazas ás gravacións dos compañeiros e compañeiras xerando un código QR para cada gravación que pegaremos no conto, e para a sección do noso programa de radio escolar semanal “A Voz de Athenea”, e o blog da biblioteca animando ao alumnado a coñecer diferentes contos da biblioteca. Deste xeito, tamén traballaremos a **competencia lingüística** enfatizando a expresión oral.

CONTEXTO:

Aulas de 3 anos, 4 anos, 5 anos A e 5 anos B.

ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. Visualización do vídeo de presentación do Club de Letras, sección de contos.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>
<p>2. LECTURA DO CONTO: "LÚA", ed. Kalandraka. 3 anos. "A QUE SABE A LÚA?", ed. Kalandraka. 4 anos. "Luna", ed. Anaya. 5 anos A. "PAPÁ, POR FAVOR, ACHÉGAME A LÚA", ed. Kalandraka. 5 anos B.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Recoñece algunha propiedade significativa dos textos literarios (relación título contido, estrutura, personaxes...).</p>	<p>Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p>

<p>3. EXPERIMENTAMOS COA LÚA. Realizaremos area lunar e xogaremos coa lúa na mesa de luz.</p>	<p>Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos soportes (pantalla do ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital...) como recursos e medio de expresión.</p>	<p>Gusta de experimentar coa luz, as sombras e a cor facendo uso de lanternas, lámpadas, proxector... e descubrindo as súas posibilidades creativas e plásticas.</p>	
<p>4. INVESTIGAMOS: AS FASES DA LÚA. Coñeceremos as fases da lúa a través de diferentes actividades.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.</p>	<p>Descobre aspectos novos a través das súas observacións.</p>
<p>5. GRAVACIÓN DO CONTO.</p>	<p>Adecúa o seu ton de voz á situación.</p>	<p>Emprega sinais extralingüísticos (xesto, entoación, expresión) para reforzar o significado das súas mensaxes.</p>	

ACTIVIDADES	PASO 1	PASO 2	PASO 3
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. Visualización do vídeo de presentación do Club de Letras, sección de contos.</p>	<p>1.1. Benvinda ao alumnado. Vídeo explicativo da tarefa. Explicaremos o ámbito no que estamos, que imos facer e para que.</p>	<p>1.2. Círculo: <i>a que cres que sabe a lúa?</i></p>	<p>Veremos no PANEL SCRUM o que imos facer nesta tarefa. Concretaremos o que faremos cada día para ver se queda algo pendiente e cantos pasos nos quedan para rematar a tarefa.</p>

<p>2. LECTURA DO CONTO: “LÚA”, ed. Kalandraka. 3 anos. “A QUE SABE A LÚA?”, ed. Kalandraka. 4 anos. “PACO”, ed. Kalandraka. 5 anos A. “PAPÁ, POR FAVOR, ACHÉGAME A LÚA”, ed. Kalandraka. 5 anos B.</p>	<p>2.1. Rutina de pensamento: Vexo, penso, preguntome. Observaremos a portada do libro en gran grupo facendo unha posta en común do que ven na portada, sobre o que pensan sobre o conto a partir da portada, e interrogantes que lles poden aparecer, coma por exemplo se será un conto de marcianos, se aparecerán as estrelas...</p>	<p>2.2. Lectura do conto.</p>	<p>2.3. Que pasaría se... Algún animal se comerá a lúa e non volvera a aparecer? (4 anos) Vivíramos na lúa? (5 anos A) Un día chegamos a casa e atopamos á lúa na nosa habitación? (5 anos B)</p>
---	--	--------------------------------------	--

<p>3. INVESTIGAMOS: AS FASES DA LÚA. Coñeceremos as fases da lúa a través de diferentes actividades.</p>	<p>3.1. Rutina de pensamento: K,W,L. (O que se, o que quero saber e o que aprendín). Faremos esta rutina de pensamento sobre a lúa</p>	<p>3.2. Experimento: Vivenciaremos a escuras as fases da lúa, o movemento da Terra, da lúa,... Un será o sol cun punto de luz fixo, outr@ a lúa, e outr@ a Terra.</p> <p>Vemos o vídeo sobre a lúa:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCjU&feature=emb_title</p>	<p>3.3. Calendario lunar: levarán para clase uha folla cos días do mes onde irán apuntando cada día como estivo a lúa esa noite, se conseguiron vela, senón buscaremos en internet.</p> <p>3.2. Vemos o vídeo sobre a lúa:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCjU&feature=emb_title</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=FziZ3bJ7OvI&feature=emb_title</p> <p>Reflexionamos sobre o que vimos no vídeo.</p> <p>Facemos un mapa mental.</p>
---	---	---	--

<p>4. GRAVACIÓN DO CONTO.</p>	<p>4.1. Gravaremos o conto entre tod@s para o programa de radio de A Voz de Athenea.</p>	<p>4.2. Creación do código QR para a portada do conto.</p>	<p>4.3. Enviamos o audio ao email da radio para o programa.</p>	
<p>5. EXPERIMENTAMOS COA LÚA. Realizaremos area lunar.</p>	<p>5.1. Debate: Cómo pensas que será estar na lúa?</p>			
<p>ACTIVIDADES <u>5 ANOS</u></p>	<p>ESCENARIO</p>	<p>AGRUPAMEN- TO</p>	<p>RECURSOS DIDÁCTI- COS</p>	<p>TEMPORALIZACIÓN</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>1.1. Benvida ao alumnado. Vídeo explicativo da tarefa. Explicaremos o ámbito no que estamos, que imos facer e para que.</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Ordenador, proxector.</p>	<p>MARTES 9:05/10 - 9: 20/25</p>
<p>1.2. Círculo: <i>gustaríache viaxar á lúa? Por que?</i></p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>9:20/25 - 9:30 / 35</p>
<p>2.1. Rutina de pensamento: Vexo, penso, pregúntome. Observaremos a portada do libro en gran grupo facendo unha posta en común do que ven na portada, sobre o que pensan sobre o conto a partir da portada, e interrogantes que lles poden aparecer, coma por exemplo se será un conto de marcianos, se aparecerán as estrelas...</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Conto</p>	<p>9:30 / 35 - 9:40 / 45</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>2.2. Lectura do conto. "Luna", ed. Anaya. 5 anos A. "PAPÁ, POR FAVOR, ACHÉGAME A LÚA", ed. Kalandraka. 5 anos B.</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Conto</p>	<p>9:40 / 45 - 10:00 / 05</p>
<p>2.2.1. Canción "PAPÁ, POR FAVOR, ACHÉGAME A LÚA"</p>			<p>https://www.youtube.com/watch?v=X5NqaO-kJc</p>	
<p>2.3. Que pasaría se... Vivíramos na lúa? (5 anos A) Un día chegamos a casa e atopamos á lúa na nosa habitación? (5 anos B)</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>10:00 / 05 - 10: 10 /15</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>4.2. Gravaremos o conto entre tod@s para o programa de radio de A Voz de Athenea. Traballaremos sobre o conto, os diálogos, voces...</p>	5 ANOS A E 5 ANOS B	GRAN GRUPO	Móvil e aplicación gravadora.	10: 10 /15 - 10:40 / 50
<p>4.2. Continuaremos gravando o conto entre tod@s para o programa de radio de A Voz de Athenea.</p>	5 ANOS A E 5 ANOS B	GRAN GRUPO	Móvil e aplicación gravadora.	XOVES: 9:05/10 - 9: 35/40
<p>3.1. Rutina de pensamento: K,W,L. (O que se, o que quero saber e o que aprendín). Faremos esta rutina de pensamento sobre a lúa, de momento faremos as dúas primeiras partes: O que se, o que quero saber</p>	5 ANOS A E 5 ANOS B	GRAN GRUPO	<p>Soporte en A3 da rutina de pensamento, lápices.</p>  <p>RUTINA DE PENSAMENTO Vexo-penso-pregúntome</p>	9: 35/40 - 10:05 / 10


ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: “CONTOS DA LÚA”

<p>3.2. Vemos o vídeo sobre a lúa: https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCjU&feature=emb_title https://www.youtube.com/watch?v=FziZ3bj7Ovi&feature=emb_title Reflexionamos sobre o que vimos no vídeo. Facemos un mapa mental.</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Folio A3 para o mapa mental. Ordenador</p> 	<p>10:05/10 - 10:40 / 50</p>
<p>5.1. Debate: Cómo pensas que será estar na lúa?</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>MARTES 9:05/10 - 9: 25/30</p>
<p>Escoitaremos o nos audio conto 4.2. Crearemos o código QR para a portada do conto. 4.3. Enviaremos o audio ao email da radio para o programa.</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Audio do conto Ordenador</p>	<p>9: 25/30- 9:35 / 9:40</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>3.3. Experimento: Vivenciaremos a escuras as fases da lúa, o movemento da Terra, da lúa,... Un será o sol cun punto de luz fixo, outr@ a lúa, e outr@ a Terra.</p> <p>Reflexión e posta en común das fases da lúa.</p> <p>Reflexionaremos sobre o acontecido no experimento e o vídeo que vimos o xoves e faremos unha posta en común das diferentes fases da lúa.</p> <p>Xogaremos a identificar en imaxes as diferentes fases.</p>	5 ANOS A E 5 ANOS B	GRAN GRUPO		9:35 / 9:40 - 10:25 / 10:30
<p>Completaremos a rutina de pensamento K.W,L (o que aprendín)</p>	5 ANOS A E 5 ANOS B	GRAN GRUPO	Soporte en A3 da rutina de pensamento, lápices.	

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>Calendario lunar: levarán para clase uha folla cos días do mes onde irán apuntando cada día como estivo a lúa esa noite, se conseguiron vela, senón buscaremos en internet.</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Calendario lunar.</p>	<p>10:25 / 10:30 - 10:35 / 40</p>
<p>Círculo: se tiveras que viaxar á lúa, que levarías?</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>XOVES: 9:05/10 - 9: 30/35</p>
<p>5.2. Realizamos a area lunar. Por parellas realizarán a area lunar mesturando a proporción de 8 vasos de Fariña de trigo, un vaso de aceite de xirasol e purpurina (no caso de alérxicos ao glute se afecta ao contacto, utilizaremos outra fariña).</p>	<p>5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>POR PARELLAS</p>	<p>Fariña de trigo Aceite de oliva Recipientes</p> 	<p>9: 30/35 - 10:40/50</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

ACTIVIDADES <u>3 ANOS</u>	ESCENARIO	AGRUPAMEN- TO	RECURSOS DIDÁCTI- COS	TEMPORALIZACIÓN

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: “CONTOS DA LÚA”

<p>1.1. Benvida ao alumnado. Vídeo explicativo da tarefa. Explicaremos o ámbito no que estamos, que imos facer e para que.</p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>ORDENADOR VÍDEO</p>	<p>MARTES: 9:30 A 9:40</p>
<p>1.2. Tea de araña: <i>cal é a túa comida favorita?</i></p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Lá</p>	<p>9:40 a 10:00</p>
<p>2.1. Rutina de pensamento: Vexo, penso, pregúntome. Observaremos a portada do libro en gran grupo facendo unha posta en común do que ven na portada, sobre o que pensan sobre o conto a partir da portada, e interrogantes que lles poden aparecer, coma por exemplo se será un conto de marcianos, se aparecerán as estrelas...</p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Conto “Lúa”</p>	<p>10:00 a 10:05</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>2.2. Lectura do conto. "LÚA", ed. Kalandraka. 3 anos.</p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Conto "Lúa"</p>	<p>10:05 a 10:15</p>
<p>2.2.1. Canción do conto https://www.youtube.com/watch?v=tdN-1pURbJc</p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>https://www.youtube.com/watch?v=tdN-1pURbJc Ordenador</p>	<p>10:15 a 10:20</p>
<p>Círculo: <i>cal é o teu xogete favorito?</i></p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>XOVES: 9:30 A 9: 40</p>
<p>2.2.1. Canción do conto https://www.youtube.com/watch?v=tdN-1pURbJc</p>	<p>3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>ORDENADOR VÍDEO</p>	<p>9: 40 a 9:50</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>3.1. Póster do conto: Faremos un póster do conto ordeando os elementos que aparecen na canción que previamente coloreamos.</p>	3 ANOS	INDIVIDUAL E GRAN GRUPO	IMAXES DOS ELEMENTOS QUE APARECEN NO CONTO PARA COLOREAR (LÚA, SOL, CARACOL, XIRASOL, REISEÑOR, CORAZÓN,)	9:50 a 10:20
<p>Círculo: <i>que canción te gusta?</i></p>	3 ANOS	GRAN GRUPO		MARTES: 9:30 A 9: 40
<p>4.2. Gravaremos o conto entre tod@s para o programa de radio de A Voz de Athenea.</p>	3 ANOS	GRAN GRUPO	Gravadora	9:45 a 10:20
<p>Círculo: <i>que che gusta do cole?</i></p>	3 ANOS	GRAN GRUPO		XOVES: 9:30 A 9: 40

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>5.2. Realizamos a area lunar. Por parellas realizarán a area lunar mesturando a proporción de 8 vasos de Fariña de trigo, un vaso de aceite de xirasol e purpurina (no caso de alérxicos ao glute se afecta ao contacto, utilizaremos outra fariña).</p>	<p>3 ANOS</p>	<p>POR PARELLAS</p>	<p>Fariña de trigo Aceite de oliva Recipientes</p>	<p>9: 40 a 10:20</p>
<p>ACTIVIDADES <u>4ANOS</u></p>	<p>ESCENARIO</p>	<p>AGRUPAMEN- TO</p>	<p>RECURSOS DIDÁCTI- COS</p>	<p>TEMPORALIZA- CIÓN</p>
<p>1.1.Benvida ao alumnado. Vídeo explicativo da tarefa. Explicaremos o ámbito no que estamos, que imos facer e para que.</p>	<p>4 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>MARTES: 9:20 A 9: 30</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>1.2. Círculo: <i>gustaríache viaxar en cohete á lúa? Por que?</i></p>	4 ANOS	GRAN GRUPO		9: 30 A 9: 45
<p>2.1. Rutina de pensamento: Vexo, penso, pregúntome. Observaremos a portada do libro en gran grupo facendo unha posta en común do que ven na portada, sobre o que pensan sobre o conto a partir da portada, e interrogantes que lles poden aparecer...</p>	4 ANOS	GRAN GRUPO		9: 45 a 9:55
<p>2.2. Lectura do conto. "A que sabe a lúa?"</p>	4 ANOS	GRAN GRUPO	Conto: "A que sabe a lúa?"	9:55 a 10:10
<p>Canción "A que sabe a lúa?": https://www.youtube.com/watch?v=ikSU_t41NTA</p>	4 ANOS	GRAN GRUPO	Ordenador, proxector.	10:10 a 10:20

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

Ordeamos os animais que aparecen no conto	4 ANOS	GRAN GRUPO	IMAXES DOS ANIMAIS	10:20 a 10:30
2.3. Que pasaría se... Vivíramos na lúa?	4 ANOS	GRAN GRUPO		XOVES: 9:20 A 9: 30
Xogamos co conto: <i>Ordeamos os animais</i> <i>Tiramos o dado de animais e o dado que toque temos que lembrar a que animal chamaba.</i>	4 ANOS	GRAN GRUPO	IMAXES DOS ANIMAIS DADO DOS ANIMAIS	9: 30 a 9: 55
4.2. Gravaremos o conto entre tod@s para o programa de radio de A Voz de Athenea. Traballaremos sobre o conto, os diálogos, voces...	4 ANOS	GRAN GRUPO	Gravadora	9: 55 a 10: 30

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: “CONTOS DA LÚA”

<p>5.1. Debate: Cómo pensas que será estar na lúa?</p>	<p>4 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>MARTES: 9:20 A 9:30</p>
<p>Escoitaremos o nos audio conto</p> <p>4.2. Crearemos o código QR para a portada do conto.</p> <p>4.3. Enviaremos o audio ao email da radio para o programa.</p>	<p>4 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>9:30 A 9:45</p>
<p>3.2. Vemos o vídeo sobre a lúa:</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=lfPcs0cCjU&feature=emb_title</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=FziZ3bj7Ovl&feature=emb_title</p> <p>Reflexionamos sobre o que vimos no vídeo.</p>	<p>4 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>		<p>9:45 A 10:00</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>3.3. Experimento: Vivenciaremos a escuras as fases da lúa, o movemento da Terra, da lúa,... Un será o sol cun punto de luz fixo, outr@ a lúa, e outr@ a Terra.</p> <p>Reflexionaremos sobre o acontecido no experimento e faremos unha posta en común das diferentes fases da lúa.</p>	4 ANOS	GRAN GRUPO	<p>Obxecto que simbolice a terra.</p> <p>Bola porexpan (lúa)</p> <p>Punto de luz (o sol)</p>	10:00 a 10:30
<p>Calendario lunar: levarán para clase uha folla cos días do mes onde irán apuntando cada día como estivo a lúa esa noite, se conseguiron vela, senón buscaremos en internet.</p>	4 ANOS	GRAN GRUPO	FOLLA CALENDARIO LUNAR	
<p>Círculo: se tiveras que viaxar á lúa, que levarías?</p>	4 ANOS	GRAN GRUPO		<p>XOVES:</p> <p>9:20 A 9:30</p>

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

<p>5.2. Realizamos a area lunar. Por parellas realizarán a area lunar mesturando a proporción de 8 vasos de Fariña de trigo, un vaso de aceite de xirasol e purpurina (no caso de alérxicos ao glute se afecta ao contacto, utilizaremos outra fariña).</p>	<p>4 ANOS</p>	<p>POR PARELLAS</p>	<p>FARIÑA DE TRIGO ACEITE DE OLIVA RECIPIENTES</p>	<p>9: 30 A 10:30</p>

ESCENARIO SEMIPRESENCIAL E CONFINAMENTO

No caso de ter alumnado que se atopa en casa por estar en contacto ou ser positivo por COVID 19, se se atopa en bo estado de salud, poderá participar nas actividades do ámbito mediante videochamada a través da ferramenta web: www.falemos.edu.xunta.gal.

De atoparse a aula confinada, faremos unha videochamada de toda a aula, e realizaremos as actividades en gran grupo. No caso da gravación do audio do conto, o deixaremos pendente para cando volvamos á aula.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SEN DIFICULTADE	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
<ul style="list-style-type: none"> Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar. 			
<ul style="list-style-type: none"> Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas... 			
<ul style="list-style-type: none"> Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas. 			
<ul style="list-style-type: none"> Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula. (agás 3 anos) 			

- Emprega sinais extralingüísticos (xesto, entoación, expresión) para reforzar o significado das súas mensaxes.

AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación diaria da propia práctica docente. Utilizará o soporte DIXITAL que aparece no seguinte link: https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3-JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc_rWxwbXcHk/edit?usp=drive_web

PANEL SCRUM DOS DIFERENTES DÍAS

MARTES DÍA 1



1. BENVIDA .
VÍDEO



2. CÍRCULO: GUSTARÉACHE
VIAXAR Á LÚA? POR QUE?



3.- RUTINA
PENSAMENTO.



4. CONTO



5. CANCIÓN



6.- QUE PASARÁ SE...
VIVIREMOS NA LÚA?
UN DÍA CHEGAMOS A CASA E
ATOPAMOS Á LÚA NA NOSA
HABITACIÓN?



7. GRAVAMOS
O CONTO.

ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAXE: "CONTOS DA LÚA"

XOVES DÍA 2




1. GRAVAMOS O CONTO.



4. VÍDEO A LÚA



2. CANCIÓN



5. MAPA MENTAL LÚA




3. RUTINA DE PENSAMENTO SOBRE A LÚA

MARTES DÍA 3



1. DEBATE: COMO SERÍA VIVIR NA LÚA?




4. POSTA EN COMÚN FASES DA LÚA



2. ESCOTTAR O AUDIO CONTO E PEGAR O CÓDIGO QR NO LIBRO




5. MEMORY FASES DA LÚA



3. EXPERIMENTO FASES LÚA



6. COMPLETAR O QUE SEI DA LÚA



7. CALENDARIO LUNAR AULA



1. CÉRCULO: SE TIVERAS QUE VIAXAR Á LÚA, QUE LEVARÍAS?

XOVES DÍA 4



2. FACEMOS AREA LUNAR (8 VASOS DE FARIÑA DE TRIGO, UN VASO DE ACEITE DE XIRASOL, PURPURINA)